

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXP. PTG 3/2010 “MELLORA DO SISTEMA HIDRÁULICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA”

En data 12 de marzo de 2010 e con base nas puntuacións obtidas, o Órgano de Contratación adxudicou provisionalmente á empresa Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, S.A. o contrato con número de expediente PTG 3/2010 “ Mellora do sistema hidráulico de abastecemento de auga do proxecto de ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia”

Esta adxudicación provisional foi notificada á empresa adxudicataria e aos licitadores, ademais de ser publicada no Perfil do Contratante da páxina web www.tecnopole.es.

A empresa Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, S.A., procedeu a presentar en prazo a documentación requirida segundo se establece no correspondente prego de condicións.

Tendo en conta as consideracións anteriores, o Órgano de Contratación RESOLVE:

- 1) Elevar a definitiva a resolución de adxudicación provisional do 12 de marzo de 2010, pola que se adxudica á empresa Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua S.A., o contrato “Mellora do sistema hidráulico de abastecemento de auga do proxecto de ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia” conforme á súa oferta por importe de 345.483,86 € (IVE non incluído) e con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Particulares que rexe a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación definitiva no Perfil do Contrante da web www.tecnopole.es e notificar esta adxudicación á empresa adxudicataria e aos licitadores.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución aos licitadores.

San Cibrao das Viñas, 23 de marzo de 2010.